

# Onde podo atopar recursos en galego para a rapazada?



## PROPOSTA "ALÍ" 1:

### Achega de recursos en galego para persoal das escolas infantís

Co obxectivo de promover o uso do galego nas escolas infantís deseñouse esta xornada formativa ao longo da cal se desenvolven diferentes actividades de sensibilización (audiovisuais, debates e outras dinámicas para a reflexión) que se intercalan e dan pé á presentación dos materiais educativos. Esta presentación faise atendendo a varios aspectos: idade axeitada, competencias que se traballan e se se trata de texto, música, xogos ou audiovisual.

**Destinatarias:** persoal das escolas infantís

**Número de asistentes:** 25 (aproximadamente)

**Tempo:** unha xornada de 8 horas\*

**Orzamento:** 525 €

Para facilitarlles ás persoas educadoras o acceso ao material presentado, cando volvan aos seus postos de traballo, ponse á súa disposición o portal [aliali.gal](http://aliali.gal), onde este material aparece ordenado segundo os criterios contemplados na xornada. A páxina non só é de interese para profesionais da educación, senón tamén para nais e pais e, en xeral, para calquera persoa ou organización involucrada na formación da infancia.

\* Poden dividirse as horas en varias xornadas adaptando o orzamento.

## PROPOSTA "ALÍ" 2:

### Achega de recursos en galego para familias (con nenas/os de 0 a 6 anos)

Hai moitos recursos en galego que poden empregar as nenas e nenos, mais que apenas se coñecen: música, libros, filmes, xogos e xoguetes...

O noso obxectivo é xuntalos todos e presentarllos ás familias dun xeito divertido e práctico. Para iso artellamos un obradoiro ao que poden asistir tanto pais e nais como as súas crianzas de 0 a 6 anos.

O obradoiro desenvólvese a través dun conto que narra

un día na vida de Iria, unha nena que acaba de mudarse a unha casa máxica. A través da súa historia cantaremos, bailaremos, xogaremos... e, sobre todo, coñeceremos o material dispoñible en galego para as nosas cativas e cativos.

Ao remate, presentarlles o portal [aliali.gal](http://aliali.gal), en funcionamento dende febreiro de 2015, onde dispoñen de información actualizada sobre estes materiais.

**Destinatarias:** familias con nenas/os de 0 a 6 anos

**Número de asistentes:** ata 20 nenas/os cun máximo de 2 persoas adultas por nena/o

**Tempo:** 45 minutos (contada + presentación do portal + manipulación do material)

**Orzamento:** 250 €

## PROPOSTA "ALÍ" 3: A casa encantada de Alí

### Narración oral, plástica e musical baseada no portal Alí, recursos en galego para a educación infantil

Alicia chega unha noite á súa nova casa, un fogar moi particular que a esperta con cancións e onde cada paso adiante lle permite descubrir cofres misteriosos cheos de xogos e ilusións.

Luis Prego e Fabaloba únense nesta historia contada e mais cantada e pintada a través das xanelas dun

fantástico Kamishibai.

No remate as persoas adultas poden asistir a unha breve presentación do portal Alí, recursos en galego para a educación infantil ([aliali.gal](http://aliali.gal)) e, canda as nenas e nenos, manipular todo o material presentado.

**Destinatarias:** familias con nenas/os de 0 a 6 anos

**Número de asistentes:** ata 20 nenas/os cun máximo de 2 persoas adultas por nena/o

**Tempo:** 45 minutos (contada + presentación do portal + manipulación do material)

**Orzamento:** 350 €